

CPI DE XANCEDA – CURSO 2021/2022

Programación didáctica

Departamento de Xeografía e Historia

Programación de materias ao abeiro da Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE), e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

Materias do departamento e cursos

MATERIA	ESO		BACHARELATO	
	Curso	Grupos	Curso	Grupos
Xeografía e Historia	1º ESO	1 con desdobre en Xeografía e Historia	--	
Xeografía e Historia	2º ESO	1	--	
Xeografía e Historia	3º ESO	1	--	
Xeografía e Historia	4º ESO	1 con desdobre en Xeografía e Historia	--	

ÍNDICE

1. Introducción e Contextualización	3
2 Estructura e Composición do Departamento	5
3. Elementos Prescriptivos do Currículo	5
3.1 Obxectivos da Etapa: ESO	5
3.2. Obxectivos de Curso	7

1º ESO. Obxectivos de Curso	8
2º ESO. Obxectivos de Curso	10
3º ESO. Obxectivos de Curso	13
4º ESO. Obxectivos de Curso	15
4. Relación de unidades didácticas que integran a materia, que contribuirán ao desenvolvemento da mesma, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha	18
5. Metodoloxía Didáctica	28
5.1. Estratexias para Alcanzar os Estándares de Aprendizaxe	30
5.1.1. - 1º ESO – Xeografía e Historia	31
5.1.2. - 2º ESO – Xeografía e Historia	34
5.1.3. - 3º ESO – Xeografía e Historia	37
5.1.4. - 4º ESO – Xeografía e Historia	39
5.2. Estratexias para Alcanzar as Competencias Clave	43
5.3. Materiais e Recursos Didácticos	45
6. Elementos que Garanten unha Avaliación Obxectiva	46
6.1. Avaliación Ordinaria	46
6.1.1. Recuperación das Avaliacións Ordinarias	47
6.2. Avaliación Final Ordinaria	48
6.3. Perdida do Dereito a Avaliación Continua	48
6.4. Avaliación Extraordinaria	48
6.5. Avaliación de alumnado ca materia pendente de cursos anteriores	49

6.6. Incidencias especiais durante os exames	49
7. Medidas de Atención á Diversidade	50
7.1. Procedemento para a Realización da Avaliación Inicial.....	50
7.2. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.....	50
8. Elementos Transversais	51
Contribución da materia ao plan lector.....	52
Contribución da materia ao plan TIC	52
Contribución da materia ao plan de Convivencia	53
9. Actividades Complementarias E Extraescolares.	53
10. Dotación e Xestión Económica.....	53
11. Indicadores de Logro para Avaliar o Proceso de Ensino e a Práctica Docente.....	53
11.1. Indicadores de Logro	54
11.2. Instrumentos de recollida de datos.....	54
11.3. Medidas de mellora.....	54
11.4. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica	55

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación refírese ás materias de Xeografía e Historia, de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO, impartidas polo departamento de Xeografía e Historia do CPI de Xanceda.

A programación didáctica é un documento que planifica o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e como tal é un documento flexible, que se poderá cambiar cada fin de trimestre en caso necesario, para adaptarse ás realidades do proceso e do alumnado.

O CPI de Xanceda é un centro rural, situado no concello de Mesía, un concello do interior con pouca poboación. Neste concello predominan as actividades do sector primario (agricultura e gandaría), aínda que a presenza do sector secundario é importante gracias a unhas poucas empresas adicadas á fabricación de tellas, a produción de produtos de carpintería e de produtos lácteos. O sector servizos está pouco representado, e os habitantes da zona trasládanse a Curtis ou a Ordes para cubrir estas necesidades.

O centro conta en total con **175** alumnos entre todos os ciclos ofertados. No centro ofértase toda a ensinanza obrigatoria: Educación Infantil e Educación Primaria (106 alumnos) e Educación Secundaria Obrigatoria (**68 alumnos**).

Na ESO, hai:

- 1º de ESO: un grupo de 17 alumnos, con desdobre en determinadas materias, como no caso de Xeografía e Historia (Agrupamento 1: 8 alumnos; agrup. 2: 9 alumnos).
- 1 grupo de 2º de ESO: 11 alumnos.
- 1 grupo de 3º de ESO: 15 alumnos.
- 1 grupo de 4º de ESO: 19 alumnos, con desdobre en determinadas materias, como no caso de Xeografía e Historia (Agrupamento 1: 10; Agrupamento : 9 alumnos).

As zonas de infantil e primaria están nun ala do centro diferente á de secundaria, aínda que os tres ciclos comparten patio e instalacións deportivas, biblioteca, aulas de informática e servizos administrativos e de coidado do centro. Porén, os alumnos dos diferentes ciclos teñen horarios dispostos para non compartir zonas comúns.

As aulas da ESO contan con pizarras dixitais e portátil para o profesor. Os alumnos de tódolos niveis da ESO están integrados no Edixgal, polo que teñen un ordenador por alumno. Ademais, existen dúas aulas de informática a disposición do alumnado.

2. ESTRUCTURA E COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

PROFESORADO CON DESTINO DEFINITIVO	CARGO	PROFESORADO CON DESTINO PROVISIONAL	CARGO
Sandra Irene Irsheid Barros	Xefa do Departamento de Xeografía e Historia		

DISTRIBUCIÓN DOS GRUPOS ENTRE OS MEMBROS DO DEPARTAMENTO				
MATERIA	CURSO	Nº HORAS SEMANAIS POR GRUPO	DOCENTE	LINGUA NA QUE SE IMPARTE
Xeografía e Historia	1º ESO- Agrup-1	3	Sandra Irene Irsheid Barros	Galego
Xeografía e Historia	1º ESO- Agrup-2	3	Sandra Irene Irsheid Barros	Galego
Xeografía e Historia	2º ESO	3	Sandra Irene Irsheid Barros	Galego
Xeografía e Historia	3 ESO	3	Sandra Irene Irsheid Barros	Galego
Xeografía e Historia	4º ESO- Agrup-1	3	Sandra Irene Irsheid Barros	Galego
Xeografía e Historia	4º ESO- Agrup-2	3	Sandra Irene Irsheid Barros	Galego
CARACTERÍSTICAS DOS GRUPOS E DO ALUMNADO				
<p>1º ESO: 17 alumnos. 1 alumno con ACI e 6 alumnos con reforzo (entre eles, dous alumnos que repiten curso).</p> <p>2º ESO: 11 alumnos. Tres alumnos con reforzos, un deles con dislexia, un con TDA e o outro con dificultades xerais de aprendizaxe, 1 alumno que repite curso.</p> <p>3º ESO: 16 alumnos. Un alumno con posibilidades de necesitar ACI e que repite curso e 6 alumnos con necesidades de reforzo.</p> <p>4º ESO: 19 alumnos. Un alumno con necesidades de reforzo (pasa de curso por imperativo legal).</p>				
MATERIAIS E RECURSOS DO DEPARTAMENTO				
<p>→ Apuntamentos / Materiais de elaboración propia.</p> <p>→ Mapas</p> <p>→ Recursos TICs variados. Os catro grupos teñen activa a Aula Virtual do centro. Non se prevé usar o Edixgal dado que sería unha duplicación da Aula Virtual. Correo electrónico para recibir mensaxes/tarefas do alumnado.</p> <p>→ Prensa e artigos especializados.</p>				

3. ELEMENTOS PRESCRIPTIVOS DO CURRÍCULO

3.1 Obxectivos da Etapa: ESO

Seguindo o Decreto 86/2015, de 25 de xuño, no seu artigo 10, recóllense os obxectivos xerais da etapa de ESO. Ditos obxectivos son:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2. Obxectivos de Curso

Os obxectivos de curso son os logros que o alumnado debe alcanzar ao finalizar con éxito a materia de referencia, como resultado das experiencias de ensinanza-aprendizaxe planificadas para este fin. Para definir os obxectivos de curso, seguirase a guía dos criterios de avaliación do currículo marcados polo Decreto 86/2015

1º ESO. Obxectivos de Curso – Materia de Xeografía e Historia.

* A inexistencia dos obxectivos do Bloque 2 (B2. ...) é a causa dunha errata no Decreto

Bloque 1. O medio físico

- B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.

- B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas.

- B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.

- B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.

- B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.

- B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.

- B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.

- B1.8. Situar no mapa de Europa as unida-des e os elementos principais do relevo continental.

- B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que con-forman o espazo xeográfico europeo.

- B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.

- B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.

Bloque 3. A Historia

- B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.

- B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.

- B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.

- B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).

- B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

- B3.6. Entender o proceso de hominización.

- B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.

- B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.

- B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.

- B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos

- B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico.

- B3.12. Recoñecer a importancia da descuberta da escritura.

- B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto.

- B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia.

- B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia.

- B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.

- B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización.

- B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.

- B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.

- B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.

- B3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.

- B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.

2º ESO. Obxectivos de Curso – Materia de Xeografía e Historia.

Bloque 1. O medio físico

- B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.

- B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais.

- B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.

- B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.

- B1.5. Coñecer e describir os grandes con-xuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.

- B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia.

- B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias.

Bloque 2. O espazo humano

- B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións.

- B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación.

- B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.

- B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.

- B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.

- B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa.

- B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano.

- B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular.

- B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identifica-las por comunidades autónomas.

- B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas.

Bloque 3. A historia

- B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.

- B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.

- B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.

- B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).

- B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

- B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período.

- B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.

- B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.

- B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.

- B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Ándalus.

- B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.

- B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.

3º ESO. Obxectivos de Curso – Materia de Xeografía e Historia.

Bloque 1. O medio físico

- B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite

Bloque 2. O espazo humano

- B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España.
- B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións.
- B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas.
- B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos
- B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións.
- B2.6. Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial.
- B2.7. Explica e localiza os tipos de pesca e os seus problemas.
- B2.8. Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo.
- B2.9. Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno.
- B2.10. Entender os fluxos e os bloques comerciais.
- B2.11. Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica.
- B2.12. Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflectan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos.
- B2.13. Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos.

Bloque 3. A historia

- B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.
- B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.
- B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.
- B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía)
- B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.
- B3.6. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa.
- B3.7. Relacionar o alcance da nova ollada dos humanistas, artistas e científicos do Re-nacemento con etapas anteriores e posteriores.
- B3.8. Coñecer a importancia da arte renacentista e barroca en Europa e en América.
- B3.9. Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos.
- B3.10. Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas.
- B3.11. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.
- B3.12. Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias.

- B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.

4º ESO. Obxectivos de Curso – Materia de Xeografía e Historia.

Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789

- B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.

- B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.

- B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII.

Bloque 2. A Era das Revolucións Liberais

- B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.

- B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.

Bloque 3. A Revolución Industrial

- B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.

- B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.

- B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.

- B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.

- B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais.

Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial

- B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.

- B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.

- B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.

- B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.

- B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.

Bloque 5. A Época de Entreguerras (1919-1945)

- B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.

- B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.

- B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil.

Bloque 6. As Causas e Consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)

- B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial.

- B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e en-tender o concepto de guerra total.

- B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.

- B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.

- B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.

Bloque 7. A Estabilización do Capitalismo e o Illamento Económico do Bloque Soviético

- B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa.

- B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto.

- B7.3. Explicar as causas de que se estable-cera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975.

Bloque 8. O Mundo Recente entre os séculos XX e XXI

- B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.

- B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.

- B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.

- B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea.

Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a Globalización a Finais do século XX e Principio do XXI

- B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores.
- B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica.
- B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.

Bloque 10. A Relación entre o Pasado, o Presente e o Futuro a través da historia e a Xeografía

- B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.
- B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.
- B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).
- B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

4. RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS QUE INTEGRAN A MATERIA, QUE CONTRIBUIRÁN AO DESENVOLVEMENTO DA MESMA, XUNTO COA SECUENCIA E O TEMPO ASIGNADO PARA O DESENVOLVEMENTO DE CADA UNHA

Durante o 1º trimestre, usarase tempo lectivo para repasar materia e máis ver contidos do curso anterior.

**Os Estándares de Aprendizaxe sinalados en azul traballaranse en tódalas unidades didácticas nas que aparecen, de xeito transversal.*

MATE RIA				CUR SO	
Xeografía e Historia				1º ESO	
CONTID OS	ESTÁNDARES DE APRENDIZA XE	U D	TÍTU LO	DESCRICI ÓN	TEMPORALIZACI ÓN
B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	XHB1.1.1.; XHB1.1.2 XHB1.2.1 XHB1.3.1 XHB1.4.1 XHB1.4.2	1	A Representación da Terra. Os Mapas	Proxeccións cartográficas, ferramentas de localización xeográfica	1º Trimestre
B1.5 B1.6 B1.8	XHB1.5.1 XHB1.6.1 XHB1.8.1	2	A Litosfera	O Relevo continental e o relevo submarino. Creación e modificación do relevo. Tipoloxías de relevo continental e litoral. Localización de relevos en mapas e imaxes satélite.	1º Trimestre
B1.6	XHB1.6.1	3	A Hidrosfera	A hidrosfera. División da hidrosfera. As diferentes augas continentais. As augas mariñas. Localización de augas mariñas e continentais.	1º Trimestre/2º Trimestre
B1.5. B1.7 B1.9 B1.10 B1.11	XHB1.6.2 XHB1.7.1 XHB1.9.1 XHB1.9.2 XHB1.10.1 XHB1.11.1	4	A Atmosfera	A Atmosfera. Elementos e factores climáticos. O Tempo Meteorolóxico. O Clima. Paisaxes Naturais	1º, 2º, 3º Trimestre
B3.1 B3.2 B3.3 B3.4 B3.5 B3.7 B3.8 B3.6 B3.9.1 B3.9.2 B3.9.3 B3.10 B3.11 B3.12 B3.15	XHB3.1.1 XHB3.2.1 XHB3.2.2 XHB3.2.3 XHB3.3.1 XHB3.4.1 XHB3.5.1 XHB3.8.1 XHB3.6.1 XHB3.9.1 XHB3.9.2 XHB3.10.1 XHB3.11.1 XHB3.12.1 XHB3.15.1	5	A Prehistoria	A evolución do ser humano. Economía, sociedade, cultura material, crenzas no Paleolítico. Economía, sociedade, cultura material, crenzas no Neolítico. A evolución dos poboados neolíticos ás Cidades Estado calcolíticas. A aparición da sociedade e do sistema político xerarquizado. As primeiras civilizacións: Mesopotamia, Bronce en Grecia. Culturas da península Ibérica no Bronce.	2º Trimestre/3º Trimestre
B3.1 B3.2 B3.3 B3.4 B3.5 B3.7 B3.8	XHB3.1.1 XHB3.2.1 XHB3.2.2 XHB3.2.3 XHB3.3.1 XHB3.4.1 XHB3.5.1 XHB3.8.1	6	Egipto	Egipto. Cronoloxía. Identificación no espazo. Etapas. Sistema de goberno, sociedade, economía, relixión.	3º Trimestre

MATERIA				CURSO	
Xeografía e Historia				1º ESO	
CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	U D	TÍTULO	DESCRIPCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
B3.13 B3.14 B3.15	XHB3.13.1 XHB3.13.2 XHB3.14.1 XHB3.14.2 XHB3.15.1				
B3.1 B3.2 B3.3 B3.4 B3.5 B3.7 B3.8 B3.16 B3.17 B3.18 B3.19	XHB3.1.1 XHB3.2.1 XHB3.2.2 XHB3.2.3 XHB3.3.1 XHB3.4.1 XHB3.5.1 XHB3.8.1 XHB3.16.1 XHB3.16.2 XHB3.17.1 XHB3.18.1 XHB3.8.2 (sic) XHB3.19.1 XHB3.19.2	7	Grecia	Civilización grega. Extensión xeográfica. Sociedade, economía, sistema político da Grecia ateniense da época de Pericles. O sistema político grego helenístico. Arte grega. Exemplos literarios e filosóficos.	3º Trimestre
B3.1 B3.2 B3.3 B3.4 B3.5 B3.7 B3.8 B3.20 B3.21 B3.22	XHB3.1.1 XHB3.2.1 XHB3.2.2 XHB3.2.3 XHB3.3.1 XHB3.4.1 XHB3.5.1 XHB3.8.1 XHB3.20.1 XHB3.20.2 XHB3.21.1 XHB3.22.1 XHB3.22.2 XHB3.22.3	8	Roma	Localización da civilización romana. Etapas. Sistema político da Roma Republicana. Economía e Sociedade. Sistema político no Imperio. A romanización e as súas pegadas na actualidade na Península Ibérica.	3º Trimestre

MATERIA				CURSO	
Xeografía e Historia				2º ESO	
CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	U D	TÍTULO	DESCRIPCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
B3.1 B3.2	XHB3.1.1 XHB3.2.1	1	A Alta Idade Media: Reinos	Concepto e temporalización de Alta Idade Media. Os cambios	1º Trimestre

MATERIA			CURSO		
Xeografía e Historia			2º ESO		
CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	U D	TÍTULO	DESCRIPCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
B3.3 B3.4 B3.5 B3.6 B3.7 B3.12	XHB3.2.2 XHB3.3.1 XHB3.3.2 XHB3.4.1 XHB3.5.1 XHB3.6.1 XHB3.7.1 XHB3.12.1		Xermanos e I Bizantino	entre o mundo romano e os reinos medievais. Economía, sociedade, sistema político dos reinos xermanos. O Imperio carolinxio e o comezo do feudalismo. O Imperio Bizantino. Sistema político, sociedade e economía.	
B3.1 B3.2 B3.3 B3.4 B3.5 B3.8	XHB3.1.1 XHB3.2.1 XHB3.2.2 XHB3.3.1 XHB3.3.2 XHB3.4.1 XHB3.5.1 XHB3.8.1	2	A Alta Idade Media: O feudalismo	Concepto de feudalismo. temporalización. O sistema económico, político e social do feudalismo. A importancia de Igrexa e da relixión da Idade Media	1º Trimestre
B3.1 B3.2 B3.3 B3.4 B3.5 B3.11 B3.12	XHB3.1.1 XHB3.2.1 XHB3.2.2 XHB3.3.1 XHB3.3.2 XHB3.4.1 XHB3.5.1 XHB3.11.1 XHB3.12.1	3	A Baixa Idade Media	O desenvolvemento dos séculos XII e XIII. e o desenvolvemento económico e político da burguesía. A crise do S. XIV e o recrudescemento do poder feudal: a aparición de contestación social (os Irmandiños). A arte gótica	1º, 2º Trimestre
B3.1 B3.2 B3.3 B3.4 B3.5 B3.9 B3.10 B3.12	XHB3.1.1 XHB3.2.1 XHB3.2.2 XHB3.3.1 XHB3.3.2 XHB3.4.1 XHB3.5.1 XHB3.9.1 XHB3.9.2 XHB3.10.1 XHB3.10.2 XHB3.12.1	4	A Península Ibérica na Idade Media	Caída do reino visigodo e conquista da Península Ibérica polos musulmáns. A relación entre o avance dos reinos cristiáns e os problemas políticos do Al-Ándalus. A repoboación. O Al-Ándalus: economía, sociedade. Cultura. Arte.	2º Trimestre
B1.1 B1.4	XHB1.1.1.; XHB1.4.1 XHB1.4.2	5	O relevo de Galicia e da península Ibérica	Localización de relevos no mapa físico e en imaxes de Galicia e da península Ibérica: Relevos continentais, litorais e de augas continentais.	2º Trimestre
B1.2 B1.3 B1.5 B1.6 B1.7	XHB1.2.1 XHB1.3.1. XHB1.3.2 XHB1.5.1. XHB1.5.2	6	Paisaxe e Clima e os medios naturais na Península Ibérica	Elementos e factores climáticos que inciden na Península Ibérica. A relación entre o clima e as paisaxes naturais. As paisaxes naturais da Península Ibérica e a	2º Trimestre

MATERIA				CURSO	
Xeografía e Historia				2º ESO	
CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	U D	TÍTULO	DESCRIPCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
B2.8 B2.9 B2.10	XHB1.5.3 XHB1.6.1. XHB1.7.1. XHB2.8.1 XHB2.9.1 XHB2.10.1			súa evolución na actualidade debido á influencia do ser humano.	
B2.1 B2.2 B2.3 B2.4	XHB2.1.1. XHB2.1.2 XHB2.2.1. XHB2.2.2. XHB2.3.1. XHB2.3.2. XHB2.4.1. XHB2.8.2.	7	Demografía	Concepto de demografía. Os movementos naturais da poboación (natalidade e mortalidade). Os modelos demográficos ao longo do tempo. A distribución da poboación no mundo. Os movementos demográficos.	3º Trimestre
B2.5 B2.6 B2.7 B2.9 B2.10	XHB2.5.1. XHB2.5.2 XHB2.6.1. XHB2.6.2. XHB2.7.1. XHB2.9.1. XHB2.10.1.	8	A Urbanización do Planeta	As cidades. os diferentes tipos de cidades ao longo da Historia. As cidades como dinamizadoras do planeta	3º Trimestre

MATERIA				CURSO	
Xeografía e Historia				3º ESO	
CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	U D	TÍTULO	DESCRIPCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
B1.1 B2.1	XHB1.1.1 XHB1.1.2 XHB1.1.3 XHB2.1.1.	1	A Organización Política e territorial de España	O sistema de goberno actual de España e de Galicia seguindo a Constitución	1º Trimestre
B1.1 B2.4	XHB1.1.1 XHB1.1.2 XHB1.1.3 XHB2.4.1.	2	Os Sistemas Económicos	Os principais sistemas económicos: subsistencia, capitalista, comunista e o sistema mixto.	1º Trimestre
B1.1 B2.2 B2.3 B2.5	XHB1.1.1 XHB1.1.2 XHB1.1.3 XHB2.2.1. XHB2.3.1. XHB2.5.1.	3	Os Sectores Económicos. O Sector Primario	Introdución aos diferentes sectores económicos. Profundización no sector primario	1º Trimestre

MATE RIA				CUR SO	
Xeografía e Historia				3º ESO	
CONTID OS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAX E	U D	TÍT UL O	DESCRICI ÓN	TEMPORALIZACI ÓN
B2.6 B2.7	XHB2.6.1. XHB2.7.1.				
B1.1 B2.3 B2.5 B2.6 B2.8	XHB1.1.1 XHB1.1.2 XHB1.1.3 XHB2.3.1. XHB2.5.1. XHB2.6.2. XHB2.6.3. XHB2.6.4. XHB2.8.1.	4	O Sector Secundario	A minaría. A produción de enerxía. A Actividade industrial: clasificación da industria. Localización e deslocalización da industria. As revolucións industriais. Características da 3ª Rev Industrial e apuntamentos da 4ª Rev Industrial.	2º Trimestre
B1.1 B2.3 B2.5 B2.9 B2.10 B2.11 B2.12	XHB1.1.1 XHB1.1.2 XHB1.1.3 XHB2.3.1. XHB2.5.1. XHB2.9.1. XHB2.10.1. XHB2.10.2. XHB2.10.3. XHB2.11.1. XHB2.11.2. XHB2.12.1. XHB2.12.2. XHB2.12.3.	5	O Sector Terciario	O sector terciario. O comercio. Os bloques comerciais. Indicadores de intercambios económicos. O turismo.	2º Trimestre
B1.1 B2.13	XHB1.1.1 XHB1.1.2 XHB1.1.3 XHB2.13.1. XHB2.13.2.	6	Conflitos e tensións mundiais	Búsqueda de conflitos mundiais a través de TIC. Búsqueda de causas probables. Consecuencias para a poboación.	2º Trimestre
B3.1 B3.2 B3.3 B3.4 B3.5	XHB3.1.1 XHB3.2.1 XHB3.2.2 XHB3.3.1 XHB3.3.2 XHB3.4.1 XHB3.5.1	7	Introdución á Idade Moderna	Concepto de Idade Moderna. datación. Períodos históricos. A cultura humanista. O sistema de gobierno. A sociedade	3º Trimestre
B3.1 B3.2 B3.3 B3.4 B3.5 B3.8	XHB3.1.1 XHB3.2.1 XHB3.2.2 XHB3.3.1 XHB3.3.2 XHB3.4.1 XHB3.5.1 XHB3.8.1.	8	O Renacemento	A Arte renacentista e o Humanismo. Periodización, coñecemento de autores e obras principais.	3º Trimestre

MATE RIA				CUR SO	
Xeografía e Historia				3º ESO	
CONTID OS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAX E	U D	TÍT UL O	DESCRICI ÓN	TEMPORALIZACI ÓN
B3.9	XHB3.9.1.				
B3.1 B3.2 B3.3 B3.4 B3.5 B3.11 B3.12	XHB3.1.1 XHB3.2.1 XHB3.2.2 XHB3.3.1 XHB3.3.2 XHB3.4.1 XHB3.5.1 XHB3.11.1. XHB3.12.1. XHB3.12.2. XHB3.12.3.	9	O Reinado dos Reis Católicos	O reinado dos RR católicos como exemplo de monarquía autoritaria. A configuración da administración da España dos Austrias. O descubrimento de América e a súa colonización.	3º Trimestre
B3.1 B3.2 B3.3 B3.4 B3.5 B3.13	XHB3.1.1 XHB3.2.1 XHB3.2.2 XHB3.3.1 XHB3.3.2 XHB3.4.1 XHB3.5.1 XHB3.13.1.	10	Europa e España durante o reinado de Carlos V	Os conflitos internos durante o reinado de Carlos V. O cisma relixioso: a Reforma protestante e a Contrarreforma católica	3º Trimestre
B3.1 B3.2 B3.3 B3.4 B3.5 B3.13	XHB3.1.1 XHB3.2.1 XHB3.2.2 XHB3.3.1 XHB3.3.2 XHB3.4.1 XHB3.5.1 XHB3.13.1.	11	Europa e España durante o reinado de Felipe II	Os conflitos internos durante o reinado de Felipe II e a política exterior.	3º Trimestre
B3.1 B3.2 B3.3 B3.4 B3.5 B3.13 B3.8 B3.9	XHB3.1.1 XHB3.2.1 XHB3.2.2 XHB3.3.1 XHB3.3.2 XHB3.4.1 XHB3.5.1 XHB3.13.1. XHB3.8.1. XHB3.9.1.	12	Felipe III, Felipe IV e Carlos II: Os últimos Austrias	Características comúns no reinados dos últimos Austrias. A crise do dominio político de España. A arte barroca	3º Trimestre

MATERIA				CURSO	
Xeografía e Historia				4º ESO	
CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	U D	TÍTULO	DESCRIPCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
B10.1 B10.2 B10.3 B10.4 B1.1 B1.2 B1.3	XHB10.1.1. XHB10.1.2. XHB10.1.3. XHB10.2.1. XHB10.2.2. XHB10.3.1. XHB10.4.1. XHB1.1.1.; XHB1.1.2 XHB1.2.1 XHB1.3.1 XHB1.3.2	1	O Antigo Réxime	Sociedade, economía e sistema político do Antigo Réxime e os cambios que se sofren gracias á Ilustración. A Ilustración	3º Trimestre
B10.1 B10.2 B10.3 B10.4 B2.1 B2.2	XHB10.1.1. XHB10.1.2. XHB10.1.3. XHB10.2.1. XHB10.2.2. XHB10.3.1. XHB10.4.1. XHB2.1.1 XHB2.1.2 XHB2.2.1 XHB2.2.2 XHB2.2.3	2	As Revolucións dos Séculos XVIII e XIX	A loita pola ampliación das bases de votantes nos sistemas políticos: a Revolución Francesa e a Rev de EEUU. A Restauración. As vagas revolucionarias do S. XIX. Os nacionalismos	3º Trimestre
B10.1 B10.2 B10.3 B10.4 B3.1 B3.2 B3.3 B3.4 B3.5	XHB10.1.1. XHB10.1.2. XHB10.1.3. XHB10.2.1. XHB10.2.2. XHB10.3.1. XHB10.4.1. XHB3.1.1 XHB3.2.1 XHB3.2.1 (sic) XHB3.3.1 XHB3.4.1 XHB3.5.1	3	A revolución industrial	A 1ª e a 2ª Revolución Industrial. O movemento obreiro: anarquismo, marxismo e socialismo	3º Trimestre
B10.1 B10.2 B10.3 B10.4 B4.1 B4.2	XHB10.1.1. XHB10.1.2. XHB10.1.3. XHB10.2.1. XHB10.2.2. XHB10.3.1. XHB10.4.1. XHB4.1.1 XHB4.1.2	4	O Imperialismo	Concepto de Imperialismo. Causas do Imperialismo. Consecuencias. O reparto de África	3º Trimestre

MATE RIA				CUR SO	
Xeografía e Historia				4º ESO	
CONTID OS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	U D	TÍTU LO	DESCRICI ÓN	TEMPORALIZACI ÓN
	XHB4.2.1				
B10.1 B10.2 B10.3 B10.4 B4.5	XHB10.1.1. XHB10.1.2. XHB10.1.3. XHB10.2.1. XHB10.2.2. XHB10.3.1. XHB10.4.1. XHB4.5.1 XHB4.5.2	5	A Arte antes da I Guerra Mundial	Movements artísticos antes da I Guerra Mundial. Comentario de autores e obras principais	1º Trimestre
B10.1 B10.2 B10.3 B10.4 B4.3	XHB10.1.1. XHB10.1.2. XHB10.1.3. XHB10.2.1. XHB10.2.2. XHB10.3.1. XHB10.4.1. XHB4.3.1 XHB4.3.2 XHB4.3.3 XHB5.1.3	6	A I Guerra Mundial	Causas da I Guerra Mundial. Cambios na política, na sociedade, que produce a guerra. As consecuencias dos tratados de paz	1º Trimestre
B10.1 B10.2 B10.3 B10.4 B4.4	XHB10.1.1. XHB10.1.2. XHB10.1.3. XHB10.2.1. XHB10.2.2. XHB10.3.1. XHB10.4.1. XHB4.4.1	7	A Revolución Rusa	Causas da Revolución Rusa. Desenvolvemento da Revolución. O Goberno de Lenin e de Stalin	1º Trimestre
B10.1 B10.2 B10.3 B10.4 B5.1 B5.2	XHB10.1.1. XHB10.1.2. XHB10.1.3. XHB10.2.1. XHB10.2.2. XHB10.3.1. XHB10.4.1. XHB5.1.1 XHB5.1.2 XHB5.2.1	8	A época de entreguerras: A crise do 29 e o ascenso dos totalitarismos	A crise económica do 29. A vaga totalitarista en Europa. As causas e as consecuencias	1º Trimestre
B10.1 B10.2 B10.3 B10.4	XHB10.1.1. XHB10.1.2. XHB10.1.3. XHB10.2.1. XHB10.2.2. XHB10.3.1. XHB10.4.1.	9	A II República Española	A II República. Antecedentes. Os diferentes gobernos e as políticas desenvolvidas. A Guerra Civil	1º Trimestre

MATERIA				CURSO	
Xeografía e Historia				4º ESO	
CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	U D	TÍTULO	DESCRIPCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
B5.3	XHB5.3.1 XHB5.3.2				
B10.1 B10.2 B10.3 B10.4 B6.1 B6.2 B6.3	XHB10.1.1. XHB10.1.2. XHB10.1.3. XHB10.2.1. XHB10.2.2. XHB10.3.1. XHB10.4.1. XHB6.1.1 XHB6.2.1 XHB6.2.2 XHB6.2.3 XHB6.3.1	1 0	A II Guerra Mundial	A II Guerra Mundial. Etapas. Causas. Consecuencias a nivel político, demográfico, ...	2º Trimestre
B10.1 B10.2 B10.3 B10.4 B7.3	XHB10.1.1. XHB10.1.2. XHB10.1.3. XHB10.2.1. XHB10.2.2. XHB10.3.1. XHB10.4.1. XHB7.3.1 XHB7.3.2	1 1	A Ditadura de Franco	Etapas da ditadura de Franco. A represión franquista	2º Trimestre
B10.1 B10.2 B10.3 B10.4 B6.4 B6.5 B7.1 B7.2 B8.1 B8.2	XHB10.1.1. XHB10.1.2. XHB10.1.3. XHB10.2.1. XHB10.2.2. XHB10.3.1. XHB10.4.1 XHB6.4.1 XHB6.4.2 XHB6.5.1 XHB6.5.2 XHB7.1.1 XHB7.1.2 XHB7.2.1 XHB8.1.1 XHB8.1.2 XHB8.2.1	1 2	A Guerra Fría	A Guerra Fría. Temporalización e etapas. Causas. consecuencias a nivel mundial. Características de cada bloque político e económico: o capitalista, o socialista e o non aliñado.	2º Trimestre
B10.1 B10.2 B10.3 B10.4	XHB10.1.1. XHB10.1.2. XHB10.1.3. XHB10.2.1. XHB10.2.2. XHB10.3.1. XHB10.4.1	1 3	A Transición cara a Democracia en España	A transición cara a democracia en España. as diferentes fases de creación da democracia. A creación do Estado español actual ca Constitución.	2º Trimestre

MATE RIA				CUR SO	
Xeografía e Historia				4º ESO	
CONTID OS	ESTÁNDARES DE APRENDIZA XE	U D	TÍTU LO	DESCRICI ÓN	TEMPORALIZACI ÓN
B8.3	XHB8.3.1 XHB8.3.2 XHB8.3.3				
B10.1 B10.2 B10.3 B10.4 B8.4 B9.1 B9.2 B9.3	XHB10.1.1. XHB10.1.2. XHB10.1.3. XHB10.2.1. XHB10.2.2. XHB10.3.1. XHB10.4.1 XHB8.4.1 XHB9.1.1 XHB9.1.2 XHB9.2.1 XHB9.3.1	1 4	A construción de Europa e a creación do mundo no que vivimos	A Unión Europea e a súa importancia no mundo globalizado. A Globalización: concepto. Recoñecemento de vivir nun mundo globalizado: consecuencias. A 4º Revolución Industrial.	2º Trimestre

5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

Na práctica diaria combinarase o expositivo, centrado na exposición do docente, o interactivo, centrado na comunicación interpersoal, e o autónomo, centrado no traballo persoal do alumno. Os tres métodos son complementarios e flexibles e empregaranse segundo a natureza do tema a tratar, segundo os obxectivos que se queiran cumprir e segundo o contexto no que se desenvolvan as actividades de ensino-aprendizaxe.

Os métodos didácticos seguidos polo Departamento aséntanse nunha serie de principios didácticos, nos que se busca non só a adquisición comprensiva de coñecementos e a adquisición das competencias básicas, senón tamén ó espertar da curiosidade cara a Historia e cara o medio que nos rodea, ademais do respecto polo patrimonio.

O proceso de ensino desta materia fundamentarase no seguinte:

- Partirase dos diferentes niveis de desenvolvemento individual, a partir da avaliación inicial, tendo en conta as capacidades e os coñecementos previos do alumnado.
- Estimularase a autonomía persoal do alumno e a competencia de aprender a aprender.
- Integraranse as TICs sempre que sexa axeitado para o tema.
- Fomentarase a busca crítica e diversificada de información.
- Fomentarase unha actitude crítica cara as realidades históricas.
- Fomentarase a lectura de fontes escritas, tanto primarias coma secundarias, como base para a aprendizaxe.

Ademais, ao longo do curso incidirase nas seguintes técnicas:

- Análise e comentario das fontes proporcionadas, para familiarizar ao alumnado co seu uso.
- Elaboración de mapas conceptuais, esquemas ou resumos.

Na metodoloxía incluírase o auxilio de apuntamentos de elaboración propia que serán publicados na Aula Virtual para o uso do alumno.

O alumnado usará ademais un correo electrónico para enviar as tarefas e recibir as correccións. Este correo electrónico usarase para comunicacións de grupo por parte do profesor.

No caso de que sexa necesario **ensinanza non-presencial**, usarase unha plataforma de comunicación e reunión virtual, como a de falemos.edu.xunta.gal ou webex, para continuar as clases seguindo co horario habitual. A través destas plataformas poderase seguir impartindo materia do xeito máis normalizado posible. Ademais, usarase o correo electrónico e a aula virtual para envío de tarefas e como medio de comunicación entre alumnado e profesorado. No caso de que haxa alumnado en cuarentena, poderán acceder ás actividades de clase a través da Aula Virtual, e a explicacións por parte do docente a través do webex ou similar, nun horario a convir entre ambas partes.

No caso de que sexa necesaria unha **ensinanza semi-presencial**, usarase a aula virtual e o correo electrónico, e no caso de que sexan necesarias aclaracións sobre o temario ao grupo que non estea de xeito presencial, usarase o teléfono e a plataforma webex e/ou falemos.edu.xunta.gal para aclarar dúbidas.

5.1. ESTRATEXIAS PARA ALCANZAR OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os estándares de aprendizaxe son as especificacións dos obxectivos de curso; describe o que o alumno debe lograr unha vez rematado o curso.

Por cada estándar de aprendizaxe estableceremos:

-Unha **temporalización**, ou sexa, en que momento do curso se impartirá. Xa especificado no apartado 4 deste documento.

- Un **grao mínimo de consecución**, isto é, a porcentaxe que debe alcanzar cada alumno para cada un dos estándares de aprendizaxe.

- Os **procedementos de avaliación**, que refírese ao procedemento usado polo profesor para avaliar cada estándar de aprendizaxe. Os procedementos serán:

- A Observación (O): baseados na recollida de información no caderno do profesor, sobre o traballo desenvolvido polo alumno/a na clase, a súa participación nas tarefas, tanto individuais como colectivas, e nestas valorarase a súa participación tanto voluntaria como demandada polo profesor.
- Probas Oraís (PO) neste aspecto valórase a atención prestada a temáticas traballadas, a súa participación positiva, as postas en común, dado que destas probas non queda evidencia intégranse conxuntamente no caderno de profesor, como parte de observación.
- Probas escritas (PE) son probas específicas que se realizaran mediante fichas, algunhas serán corrixiadas polo profesor e outras polo alumnado de forma oral, sendo o alumnado o que deba realizar unha auto-corrección. Coa elaboración destas fichas valorarase a adquisición dos contidos da

materia, así coma o dominio das competencias clave, e a porcentaxe acadada para cada un dos criterios de avaliación tratados, de modo que poderemos establecer se se chegou ao grado de consecución demandado en cada criterio. Dentro destas probas incluiremos o modelo exame que será avaliable e a elaboración de traballos sobre determinados temas.

- Os **instrumentos de avaliación**: que o profesor usará para medir o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os instrumentos de avaliación usados serán:

- O caderno do profesor (CP): usarase para apuntar o proceso de observación do profesor sobre a cada alumno e os resultados das probas orais.
- Probas Escritas: (PE). As probas escritas serán tarefas, exames e traballos.
 - As tarefas ou deberes: son probas escritas que o alumno ten que responder na casa ou na aula, de xeito individual e exclusivamente coa axuda do tema dado, a non ser que o profesor especifique o contrario. Están pensadas para que o alumno repase os contidos de clase e o propio tema.
 - Os traballos: consistirán en traballos feitos polo alumno dun tema asignado polo profesor. Poderán ser individuais ou de grupo.
 - Os exames: probas escritas para responder durante a hora lectiva, que será avaliable.

5.1.1. - 1º ESO – Xeografía e Historia

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de Avaliación	Procedementos de Avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta. 	Este estándar de aprendizaxe será impartido polo Departamento de Bioloxía.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas. 	▪ 10%	▪ CP	▪ PO
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters. 	▪ 50 %	▪ CP /PE	▪ PO /PE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas. 	▪ 50%	▪ CP	▪ PO /O

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de Avaliación	Procedementos de Avaliación
▪ XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.	▪ 90 %	▪ CP /PE	▪ PE / PO
▪ XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	▪ 70%	▪ CP /PE	▪ O / PO/ PE
▪ XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.	▪ 100%	▪ CP /PE	▪ PE / O / PO
▪ XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.	▪ 100%	▪ CP /PE	▪ PE / O / PO
▪ XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.	▪ 50%	▪ CP /PE	▪ P / PO / PE
▪ XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.	▪ 75%	▪ CP	▪ O / PO
▪ XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.	▪ 100%	▪ CP /PE	▪ PE / PO
▪ XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.	▪ 75%	▪ CP /PE	▪ PE / O
▪ XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.	▪ 75%	▪ CP /PE	▪ PE / O
▪ XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.	▪ 50%	▪ CP	▪ O
▪ B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	▪ 50%	▪ CP	▪ O / PO
Bloque 3. A Historia			
▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	▪ 75%	▪ CP	▪ PO
▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	▪ 50%	▪ CP	▪ O / PO
▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.	▪ 50%	▪ CP	▪ O / PO
▪ XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.	▪ 50%	▪ CP	▪ O / PO
▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	▪ 50%	▪ CP /PE	▪ O / PO / PE
▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	▪ 50%	▪ CP	▪ O

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de Avaliación	Procedementos de Avaliación
▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	▪ 75%	▪ CP /PE	▪ PO / PE
▪ XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	▪ 60%	▪ CP /PE	▪ PE / PO
▪ XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.	▪ 50%	▪ CP /PE	▪ PE
▪ XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	▪ 60%	▪ CP /PE	▪ PE / PO / O
▪ XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.	▪ 75%	▪ PE	▪ PE
▪ XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.	▪ 60%	▪ CP /PE	▪ PE / PO
▪ XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".	▪ 50%	▪ CP /PE	▪ PE / PO
▪ XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.	▪ 60%	▪ CP /PE	▪ PO / PE
▪ XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).	▪ 60%	▪ CP	▪ O / PO
▪ XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.	▪ 50%	▪ CP	▪ O / PO
▪ XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.	▪ 50%	▪ PE	▪ PE
▪ XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.	▪ 50%	▪ PE	▪ PE
▪ XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.	▪ 50%	▪ CP	▪ PO / O
▪ XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.	▪ 35%	▪ PE	▪ PE
▪ XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos	▪ 60%	▪ PE	▪ PE
▪ XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.	▪ 50%	▪ CP	▪ PO / O
▪ XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.	▪ 60%	▪ PE	▪ PE
▪ XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre.	▪ 50%	▪ CP /PE	▪ O / PE
▪ XHB3.8.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.	▪ 50%	▪ PE	▪ PE
▪ XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.	▪ 50%	▪ PE	▪ PE

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de Avaliación	Procedementos de Avaliación
▪ XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.	▪ 60%	▪ PE	▪ PE
▪ XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.	▪ 60%	▪ CP /PE	▪ PE / O
▪ XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.	▪ 60%	▪ PE	▪ PE
▪ XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.	▪ 50%	▪ CP	▪ O / PO
▪ XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana.	▪ 50%	▪ PE	▪ PE
▪ XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.	▪ 75%	▪ PE	▪ PE
▪ XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	▪ 75%	▪ PE	▪ PE

5.1.2. - 2º ESO – Xeografía e Historia

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 2º CURSO			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de Avaliación	Procedementos de Avaliación
Bloque 1. O medio físico			
XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	50%	CP	O / PO
XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.	60%	CP /PE	PE / PO
XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.	60%	CP /PE	PE / PO
XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.	75%	CP /PE	PE /PO
XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego	75%	CP /PE	PE / PO
XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.	75%	CP /PE	PE / PO
XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.	60%	CP /PE	PE / PO
XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.	50%	CP	O / PO

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 2º CURSO			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de Avaliación	Procedementos de Avaliación
XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.	60%	CP /PE	PE / PO
XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.	50%	CP /PE	PE / PO
XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	45%	CP	O
Bloque 2. O espazo humano			
XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas	50%	CP /PE	PE / PO / O
XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.	60%	PE	PE
XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea.	60%	PE	PE
XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.	50%	CP	PO
XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.	50%	CP /PE	PE / PO
XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.	50%	CP /PE	PE / O
XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais	60%	CP /PE	O / PO / PE
XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.	45%	CP	PO / O
XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.	60%	PE	PE
XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.	60%	CP /PE	PE / PO
XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente.	60%	CP /PE	PE / PO
XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.	45%	CP	PO
XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.	45%	CP	O
XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.	45%	CP	O

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 2º CURSO			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de Avaliación	Procedementos de Avaliación
XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.	50%	CP	O
XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.	50%	CP /PE	PO / PE
Bloque 3. A historia			
XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	80%	CP	PO
XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	65%	CP/PE	PE / PO
XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.	65%	CP	O / PO
XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	65%	CP /PE	O / PE
XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	70%	CP /PE	PO / O / PE
XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	65%	CP	O / PO
XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	80%	CP /PE	PE / O / PO
XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	40%	CP	PO / O
XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos	60%	PE	PE
XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.	60%	PE	PE
XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.	60%	CP	O / PO
XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Ándalus na Idade Media.	60%	PE	PE
XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica.	50%	CP	PO / O
XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago.	60%	CP	PO / O
XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.	60%	PE	PE
XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.	50%	CP /PE	O / PO /PE

5.1.3. - 3º ESO – Xeografía e Historia

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 2º CICLO DE ESO. 3º CURSO			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de Avaliación	Procedementos de Avaliación
Bloque 1. O medio Físico			
XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite.	65%	CP	PO
XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas	70%	CP	PO/PE
XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos	70%	CP / PE	PO /PE
Bloque 2. O espazo humano			
XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.	75%	PE	PE
XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.	60%	CP / PE	PO /PE
XHB2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos.	90%	PE	PE
XHB2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.	65%	CP / PE	PO /PE
XHB2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.	70%	CP / PE	PO /PE
XHB2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo.	60%	CP / PE	PO /PE
XHB2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo.	60%	CP /PE	PO /PE
XHB2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo	60%	CP /PE	PO /PE
XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.	70%	CP /PE	PO /PE
XHB2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.	50%	CP	PO
XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.	65%	CP /PE	PO /PE
XHB2.9.1. Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.	50%	CP	PO
XHB2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país	75%	PE	PE
XHB2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade.	75%	PE	PE
XHB2.10.3. Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen.	75%	PE	PE

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 2º CICLO DE ESO. 3º CURSO			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de Avaliación	Procedementos de Avaliación
XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos	75%	PE	PE
XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega.	70%	PE	PE
XHB2.12.1. Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia.	50%	CP	PO
XHB2.12.2. Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais.	50%	CP	PO
XHB2.12.3. Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio.	50%	CP	PO
XHB2.13.1. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza.	50%	CP	PO
XHB2.13.2. Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relacións con factores económicos.	50%	CP /PE	PO /PE
Bloque 3. A Historia			
XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado	85%	CP	PO
XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	75%	CP/PE	PE / PO
XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.	75%	CP	O/PO
XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	75%	CP / PE	O / PE
XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos	80%	CP /PE	PO / O / PE
XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos	75%	CP	O / PO
XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	85%	CP / PE	PE / O / PO
XHB3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).	85%	CP / PE	PE / O / PO
XHB3.7.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.	65%	PE /CP	PE / PO
XHB3.8.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época	50%	PE	PE
XHB3.9.1. Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.	50%	CP	PO
XHB3.10.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.	75%	PE	PE

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 2º CICLO DE ESO. 3º CURSO			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de Avaliación	Procedementos de Avaliación
XHB3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.	75%	PE	PE
XHB3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.	75%	PE	PE
XHB3.12.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo.	75%	PE	PE
XHB3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.	75%	CP / PE	PE /PO
XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".	60%	PE	PE

5.1.4. - 4º ESO – Xeografía e Historia

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 4º CURSO			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Procedementos de Avaliación
Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789			
XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.	60%	CP / PE	PO / PE
XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.	75%	PE	PE
XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.	60%	PE	PE
XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.	50%	CP/ PE	PO / PE
XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.	50%	CP / PE	PE / PO
Bloque 2. A era das revolucións liberais			
XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.	60%	PE	PE
XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.	70%	CP	PO
XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.	65%	PE	PE
XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do	65%	PE	PE

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 4º CURSO			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Procedementos de Avaliación
século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.			
XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.	70%	CP	PO / O
Bloque 3. A Revolución Industrial			
XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.	75%	PE	PE
XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.	50%	CP	PO
XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.	70%	PE	PE
XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.	70%	PE	PE
XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España.	70%	PE	PE
XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.	80%	CP	O
Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial			
XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.	70%	PE	PE
XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.	65%	PE	PE
XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.	50%	PE	PE
XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa.	60%	CP / PE	PO / PE
XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.	70%	PE	PE
XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.	60%	CP / PE	PE / PO
XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.	50%	CP	O / PO
XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.	50%	CP	O / PO
Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945)			
XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia.	60%	CP / PE	PO / PE

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 4º CURSO			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Procedementos de Avaliación
XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008.	60%	CP	PO
XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.	60%	CP	PO
XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.	75%	PE	PE
XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.	75%	PE	PE
XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.	75%	PE	PE
Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)			
XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).	60%	PE	PE
XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito.	70%	CP	PO
XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.	65%	PE	PE
XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.	60%	PE	PE
XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.	75%	CP / PE	PE / PO
XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.	65%	PE	PE
XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.	65%	PE	PE
XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.	70%	PE	PE
XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).	65%	PE	PE
Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético			
XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.	70%	PE	PE
XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.	75%	CP / PE	PO / PE
XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008.	60%	CP / PE	PO / PE
XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco	75%	CP / PE	PO / PE

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 4º CURSO			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Procedementos de Avaliación
XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica	60%	CP	PO
Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI			
XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época	60%	CP / PE	PO / PE
XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar.	70%	CP / PE	PO / PE
XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.	65%	PE	PE
XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.	70%	CP / PE	PO / PE
XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc.	70%	CP / PE	PO / PE
XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.	70%	CP / PE	PO / PE
XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.	60%	CP	PO
Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI			
XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.	65%	CP	PO
XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización.	50%	CP	PO
XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.	60%	CP	PO
XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización.	60%	CP	PO
Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía			
XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico.	65%	CP	PO

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 4º CURSO			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Procedementos de Avaliación
XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI.	60%	CP	PO
XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.	60%	CP	PO
XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	85%	PE	PE
XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	85%	PE	PE
XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	85%	CP	O / PO
XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	95%	CP / PE	PO / PE

5.2. ESTRATEXIAS PARA ALCANZAR AS COMPETENCIAS CLAVE

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

(Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia).

MATERIA	
Xeografía e Historia	
COMPETENCIA	CONTRIBUCIÓN AO LONGO DA MATERIA ÁS COMPETENCIAS CLAVE
Comunicación lingüística (CCL)	A través da exposición de oral e por escrito dos diferentes exercicios desenvolvidos na clase, a través da lectura e comprensión de textos, sen esquecer a aprendizaxe do vocabulario específico.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	A través da interacción con gráficas e do uso de datación e liñas cronolóxicas.
Competencia dixital (CD)	As ferramentas dixitais son case imprescindibles para o desenvolvemento da materia. Durante o curso mostrarase ao alumnado diferentes fontes dixitais para a busca da información. O alumnado desenvolverá contidos usando as ferramentas informáticas. O alumnado usará ferramentas TIC, como o correo electrónico ou a Aula Virtual ao longo do curso.
Aprender a aprender (CAA)	Desenvolverase no alumnado o traballo autónomo a través do uso de ferramentas de aprendizaxe: a web, libros, artigos, etc. Preténdese que, dun xeito guiado, saiban buscar información para desenvolver un tema dun xeito crítico.
Competencias sociais e cívicas (CSC)	A través do estudo da Historia o alumnado poderá comprender a existencia de diferentes modos de pensar e de vivir, as veces incluso coetáneos no tempo. Ademais, aprenderán dos erros do pasado para que recoñezan o perigo de certas condutas.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	A dinámica propia da materia permitirá ao alumnado tomar a iniciativa para a mellora da súa nota. Premiarase a constancia no traballo ao longo do curso.
Conciencia e expresións culturais (CCEC)	É esta unha competencia importante dentro da materia de Xeografía e Historia, xa que o alumno estudiará as diferentes realidades sociais xurdidas ao longo da historia. Isto axudará ao alumnado a comprender a realidade actual.

Perfil Competencial da Área de Xeografía e Historia

O currículo para a materia de Xeografía e Historia establece a intensidade co que se traballará cada competencia en cada curso, como se recolle no seguinte cadro:

Número de Estándares de aprendizaxe nos que se traballa cada competencia				
Competencias	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
CCL	13	29	25	28

CMCCT	22	28	19	5
CD	15	29	17	3
CAA	37	32	36	28
CSC	33	30	29	37
CSIEE	—	5	17	3
CCEC	10	3	6	2

5.3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

MATERIA	CURSO	LIBRO DE TEXTO	OUTROS MATERIAIS E RECURSOS
Xeografía e Historia	1º ESO	- Non se usará libro de texto. - Apuntamentos de elaboración propia	- Materias e recursos publicados no Edixgal - Materiais de elaboración propia - Mapas - Recursos TICs variados. Aula Virtual - Prensa
Xeografía e Historia	2º ESO	- Non se usará libro de texto. - Apuntamentos de elaboración propia	- Materias e recursos publicados no Edixgal - Materiais de elaboración propia - Mapas - Recursos TICs variados. Aula Virtual - Prensa
Xeografía e Historia	3º ESO	- Non se usará libro de texto. - Apuntamentos de elaboración propia	- Materias e recursos publicados no Edixgal - Materiais de elaboración propia - Mapas - Recursos TICs variados. Aula Virtual - Prensa
Xeografía e Historia	4º ESO	- Non se usará libro de texto. - Apuntamentos de elaboración propia	- Materias e recursos publicados no Edixgal - Materiais de elaboración propia - Mapas - Recursos TICs variados. Aula Virtual - Prensa

6. ELEMENTOS QUE GARANTEN UNHA AVALIACIÓN OBXECTIVA

A avaliación é un proceso constante no proceso de ensino-aprendizaxe, individualizada, que se adapta aos alumnos con NEAE e formativa, para que supoña un instrumento de mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe. As estratexias aplicadas para que o alumnado acade as competencias clave previstas relacionan directamente os estándares de aprendizaxe coas actividades propostas e co grao mínimo de logro das mesmas, e para coñecer en que medida acadamos os obxectivos propostos, realízase o proceso de avaliación.

A **avaliación será continuada**, seguindo o progreso diario dos alumnos, observando o traballo en cada sesión e na casa, o cal será reflexado no caderno do profesor.

A **nota mínima para acadar o aprobado** será o 5, que será a nota media ponderada entre os exames, traballos, o traballo de aula e as tarefas.

6.1. Avaliación Ordinaria

Ao longo do curso lectivo hai tres avaliacións ordinarias.

Para a avaliación ordinaria terase en conta o traballo diario do alumnado na aula (a través da observación e das probas orais e escritas), o traballo realizado na casa (a través de tarefas) e os exames, que en certos casos poderán ser substituídos por traballos.

Os exames. Poderán ser escritos na clase como feitos a través da Aula Virtual. Cada tema terá o seu propio exame. É obrigatorio o uso da plantilla dada ao principio de curso para facer o exame.

As tarefas: Cada tarefa para casa será realizada de xeito individual e terá unha data límite de entrega, data determinada polo profesor. Cada tarefa entregada fóra desta data terá unha penalización de 0,10 por tarefa. Cada trimestre haberá unha data límite de entrega de calquera tarefa retrasada ou repetida, data establecida polo profesor con suficiente antelación. No curso 2021/22 as **datas límites de entrega de tarefas retrasadas** serán:

- 1ª Avaliación: 19/11/2021
- 2ª Avaliación: 08/03/2022
- 3ª Avaliación: 06/05/2022

Os alumnos serán responsables de non perder ningunha tarefa xa avaliada e as incorporarán á súa libreta; en caso de perda, deberán repetila e volver entregala ao profesor, para a súa corrección. As tarefas serán feitas seguindo as normas de presentación determinadas polo profesor ao principio de curso, en caso contrario, non serán aceptadas ata que a presentación sexa a requirida. O medio de entrega das tarefas será especificado polo docente, dado que pode ir intercambiándose a modalidade de entrega presencial ca telemática.

A **cualificación do alumnado en cada avaliación ordinaria será a media ponderada entre as tarefas e os exames** ou aquelas probas escritas que substitúan a un exame. **O traballo e esforzo do alumno na aula será tido en conta para subir a nota do alumno ata 1 punto por avaliación**, sempre mellorando a media ponderada obtida entre as tarefas e os exames. O peso dado a cada apartado é o seguinte:

Tarefas	30%	Tarefas ou deberes feitos na casa ou na aula
Exames	70 %	Probas escritas

A **cualificación do alumnado na avaliación ordinaria final de xuño será a media aritmética obtida entre as tres avaliación.**

6.1.1. Recuperación das Avaliacións Ordinarias

O alumnado que non acade a nota mínima requirida para o aprobado nunha avaliación, deberá realizar as seguintes actividades para recuperala:

- Tarefas: As tarefas seguirán representando un 30 % da nota necesaria para aprobar. No caso de non ter feitas as tarefas ou que a nota sexa moi baixa, terá que repetir actividades ou realizar outras específicas asignadas polo profesorado. A data de entrega destas tarefas será como moi tarde o día do exame de recuperación.

- Un exame de recuperación da materia suspensa, tendo en conta o seguinte:

- No primeiro e no segundo trimestre. Realizarase un exame da materia suspensa. Despois de Nadal, despois de Semana Santa.
- No terceiro trimestre: Procederase a realizar un exame de recuperación do terceiro trimestre só aos alumnos cuxa media aritmética entre o 1º e o 2º trimestre sexa como mínimo dun 3.
- En todo caso, antes da avaliación final ordinaria, ofréceselle ao alumno que teña unha media entre a 1º e 2º avaliación inferior a un 3, a posibilidade de facer un exame de recuperación dos tres trimestres. Este exame non será automático, senón que será libremente requerido por cada alumno que o necesite.

6.2. Avaliación Final Ordinaria

A avaliación final será o resultado da media aritmética das tres avaliacións ordinarias habidas ao longo do curso académico.

6.3. Perdida do Dereito a Avaliación Continua

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua polos motivos que constan no Regulamento de Réxime Interno deste CPI, fará unha proba escrita final de avaliación de toda a materia. Dito exame incluírá todos os contidos traballados durante o curso e as preguntas serán similares ás realizadas ao longo do curso, a través de tarefas e exames. Considerarase avaliación positiva aquelas que obteñan unha nota igual ou superior a cinco (5).

6.4. Avaliación Extraordinaria

Refírese a proba que se realiza entre o 20 e o 22 de xuño, segundo a *Orden del 19 de maio de 2021, por la que se Aprueba el Calendario Escolar*. Esta proba recollerá exercicios referidos a toda a materia traballada durante o curso.

A proba será unicamente escrita e o modelo de exame, igual aos realizados ao longo do curso. Unha avaliación positiva esixirá un equilibrio nas respostas, non podendo

quedar ningunha das partes – xeografía, ou historia e teóricas e prácticas- sen responder; considerando neste caso que non acadou o grado mínimos esixido nos criterios de avaliación.

6.5. Avaliación de alumnado ca materia pendente de cursos anteriores

O alumnado ca materia de Xeografía e Historia pendente doutros cursos poderá aprobar a mesma a través da realización de exames, cas seguintes opcións:

- Separar a materia en tres exames, con data a concertar.
- Presentarse en tres oportunidades a un exame da materia completa, con data a concertar.

Ámbalas dúas opcións serán --previamente á elección-- postas en coñecemento dos pais e titores.

O alumnado que continúe ca materia suspensa en maio, poderase presentar a unha proba escrita na Avaliación Extraordinaria, que este curso lectivo realízase en xuño.

O temario necesario para a realización dos exames, será colgado na Aula Virtual.

6.6. Incidencias especiais durante os exames

Non asistencia a un exame:

No caso de que o alumno non asista a un exame con data previamente establecida, necesitarase un xustificante (médico ou semellante) explicando as razóns da súa ausencia, para facerlle o exame. A data deste exame dependerá das actividades da aula, pero poderá ser o mesmo día da incorporación do alumno.

Copiar durante un exame

Aqueles alumnos que sexan sorprendidos polo profesorado consultando libros, apuntes ou calquera outra fonte durante a realización das probas que teñen como finalidade una avaliación obxectiva se lles ordenará, de inmediato, o cese na realización do exame ou exercicio de que se trate. Segundo a gravidade que o profesor aprecie en

cada momento, o profesorado decidirá sobre a corrección ou non da proba (neste caso será cualificada cun cero).

7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

7.1. Procedemento para a Realización da Avaliación Inicial

Durante o comezo do curso desenvolverase unha avaliación inicial de xeito individualizado, co obxectivo de identificar posibles dificultades de aprendizaxe e o grao de consecución das competencias chave dos alumnos. En xeral, a avaliación inicial terá en conta:

- Probas de competencia lectora
- Proba de competencia escrita
- Capacidade de elaboración de resumos, esquemas, etc
- Capacidade de interpretar a noción de tempo

Na reunión de avaliación inicial programada no centro, trataranse os casos do alumnado que presente carencias básicas e permitirá tomar as medidas oportunas na xunta avaliadora, como a elaboración de programas de reforzo ou de adaptación curricular.

Ao mesmo tempo permite a elaboración de cambios na programación para suplir as carencias detectadas, establecer estratexias de aprendizaxe inicialmente non contempladas...

7.2. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Entre as medidas xerais de atención individualizadas enumeramos as seguintes:

- Adaptar os apuntes da materia en formato, para unha lectura máis accesible.
- Engadir opcións de audiovisuais como complemento a unha explicación.
- Engadir esquemas, mapas conceptuais nas explicacións.

- Nas probas escritas: Formular preguntas curtas e con significado completo. Separar as preguntas no papel. Confirmar a comprensión das preguntas. Ampliación do tempo, ...

Tendo en conta que estas medidas non supoñen medidas extraordinarias, non necesitan de autorización para ser desenvolvidas. Porén, colaborarase con Departamento de Orientación para confirmar a adecuación das medidas nos casos en que se considere necesario.

No caso de aquel alumnado con necesidade dunha Adaptación Curricular Individualizada (ACI), neste curso lectivo en 1º de ESO , realizarase unha corrección do grao de consecución mínimo dos estándares de aprendizaxe e dos Obxectivos do curso nun documento personalizado, en colaboración co Departamento de Orientación e tras consultar a ACI do curso anterior. Estudiarase a posibilidade de facerlle unha ACI a unha alumna de 3º de ESO na Avaliación Inicial.

8. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A materia de Xeografía e Historia contribuirá en todos os cursos da ESO aos elementos transversais establecidos no artigo 4 do decreto 86/2015. A propia materia é propicia para isto en moitos dos elementos transversais, dado que o alumnado poderá contrastar a situación da sociedade na idade histórica que se estea a estudar coa situación actual. En ocasións, propiciarase o debate dentro do grupo.

Como exemplo, traballarase entre outros, diariamente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita. O emprendemento favorecerase a través da participación na aula e a realización de traballos. As TICs traballaranse cada día na aula, con uso da Aula Virtual, a mostra de páxinas contrastadas e con base científica, o uso do correo electrónico, etc. A Igualdade entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero, a educación cívica e constitucional ... poderase tratar co desenvolvemento dos propios contidos, dado que a Historia e a Xeografía dan pe a isto.

Contribución da materia ao plan lector

Proporáanse lectura de artigos, de obras e de fontes históricas relacionadas coas materias deste Departamento que cubran diferentes idades históricas. Con algúns grupos, realizaranse traballos de investigación recorrendo a libros de historia aptos para o seu nivel. Colaborarase coas actividades da biblioteca do centro sempre que sexa posible e intentarase fomentar a lectura pracenteira acudindo á biblioteca para dar a coñecer os fondos da mesma, a curiosidade por algúns títulos, facer recomendacións entre iguais e animar á participación nos clubs de lectura., facendo suxerencias de libros para os mesmos.

Ademais no día a día da clase teranse en conta elementos que forman parte deste Plan Lector como poden ser:

- Valoración da capacidade expresiva do alumnado, tanto escrita como oral.
- Elaboración de redaccións, informes sobre temas relacionados coa materia, que logo deben ser leídas/expostas.
- Valoración das tarefas, esixíndose un mínimo de orde, coherencia, limpeza e lexibilidade.
- Lecturas de textos diversos coa finalidade de comprobar se existe unha lectura comprensiva e para a súa interpretación.

Contribución da materia ao plan TIC

Neste ámbito o alumnado utilizará as novas tecnoloxías de acordo cos recursos do CPI. Deste xeito procurarase utilizar os ordenadores dos que dispoñe o alumnado (dado que son grupos Edixgal) para o acceso a páxinas web relacionadas cos contidos das materias, a proxección de recursos audiovisuais e a exposición de presentacións dixitais na aula. Igualmente o alumnado recibirá recomendacións de páxinas de internet para afondar en distintos coñecementos. Por outra banda, unha parte da nota dos traballos que se desenvolvan ao longo do curso terán en conta a confección dos mesmos usando certos programas de utilidade para esta materia (Excel, google Earth/Maps, google Drive, Writer, etc).

Tódolos cursos usarán a Aula Virtual.

Contribución da materia ao plan de Convivencia

A través desta materia contribuirase aos obxectivos marcados polo Plan de Convivencia do centro como a divulgar o Decálogo da Convivencia.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

No momento da entrega da programación están aínda sen precisar. Non obstante, se a situación sanitaria neste curso académico o posibilita, prevese facer actividades extraescolares cos diferentes niveis, co obxectivo de apoiar os obxectivos de curso. No caso de que se poda organizar algunha actividade extraescolar, intentarase organizar actividades que sexan axeitadas para outros departamentos.

10. DOTACIÓN E XESTIÓN ECONÓMICA

DOTACIÓN ECONÓMICA	PREVISIÓN DE GASTOS
Ano 2021: 28 €	Non hai unha previsión de gastos predefinida, pero plantéxase o seguinte: - Continuar a inscrición en “El Orden Mundial”. - Comprar libros de historia para o nivel de ESO.

11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os indicadores de logros son una serie de cuestións que nos axudan a reflexionar sobre a nosa actuación cos alumnos/as e sobre os aspectos recollidos na programación (sobre os materiais, motivación do alumnado, cualificacións, uso das TIC, actividades, traballo das competencias....)

11.1. Indicadores de Logro

Avaliación da práctica docente	Materia			
Curso	1	2	3	4
1. Os obxectivos e contidos propostos son axeitados para os alumnos				
2. Os obxectivos, contidos e a metodoloxía propostos despertaron o interese do alumnado.				
3. Conseguiuse a participación de todo o alumnado				
4. A metodoloxía utilizada favoreceu a consecución dos obxectivos propostos				
5. Os materiais utilizados foron axeitados				
6. A temporalización axustouse ás necesidades e obxectivos				
7. O uso das TICs foi axeitado				
8. As medidas para estimular o á lectura foi axeitado				
9. As medidas para a atención á diversidade foron axeitadas				
10. Os reforzos educativos foron axeitados				
11.				
12.				
Propostas de mellora				

11.2. Instrumentos de recollida de datos

Os instrumentos para recoller os datos serán enquisas, cuestionarios, diario de aula...

11.3. Medidas de mellora

Segundo os resultados obtidos anotaranse medidas de mellora na Memoria de final de curso deste Departamento

11.4. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

Para avaliar á programación didáctica séguense os seguintes criterios:

1.-A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

2.-A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3.-O grao de desenvolvemento da programación didáctica. Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior. O desenvolvemento da programación didáctica analízase despois das sesións de avaliación, coa intención de facer correccións consideradas necesarias.

MEMBROS DO DEPARTAMENTO		
Sandra Irsheid Barros Asdo.: _____	 Asdo.: _____	 Asdo.: _____

A XEFA DE DEPARTAMENTO	
Sandra Irsheid Barros Asdo.: _____	
Data	--